

## OS NUMERAIS

### 1. Definición e clasificación.

Son palabras que cuantifican a realidade dun xeito bastante preciso, é dicir, indican unha cantidade máis ou menos exacta, conforman un grupo heteroxéneo no que existen formas variables (primeiro/a; primeiros/as) e outras invariables (tres, catro). Poden funcionar como actualizadores (determinantes): *Tres nenos*; como modificadores (*O primeiro escritor galego*) ou como pronomes (*Só me comprei dous*).

**Numerais cardinais:** indican unha cantidade exacta. Ex: dezaseis, corenta, cincocentos (quíntos,-as), vinte e un. A partir de vinte, a expresión do resto dos números realízase:

- mediante a conxunción e: corenta e tres, sesenta e oito;
- por combinación directa: cento un / cento unha

**Numerais ordinais:** indica a situación en orde dos seres ou cousas.

Ex: primeiro/a; sétimo/a; oitavo/a; undécimo/a (décimo primeiro/a); duodécimo/a (décimo segundo/a); vixésimo/a; sesaxésimo; centésimo...

**Numerais partitivos:** indican a fracción exacta dunha unidade.

Ex: medio/a; terzo/a; sétimo/a; onceavo/a; doceavo/a...

A partir do décimo os partitivos rematan en –AVO.

**Numerais multiplicativos:** indican o resultado dunha multiplicación.

Ex: dobre (duplo/a); triplo/a; cuádruplo/a; óctuplo/a; nóuplo/a; décuplo/a...

**Numerais colectivos:** indican un conxunto cun número determinado de elementos. Algunhas formas son: par, parella, decena, ducia, cento, milleiro...

## OS INDEFINIDOS.

### 1. Definición.

Son palabras que indican indeterminación ou imprecisión referida a unha cantidade ou á identidade de algo ou alguén.

Formalmente poden ser variables ou invariables.

Sintacticamente adoitan funcionar como actualizadores, aínda que tamén poden funcionar como pronomes. Algúns indefinidos como algo, nada, alguén, ninguén ou quenquera só poden ser pronomes.

### 2. Clasificación e formas.

Desde o punto de vista semántico poden ser:

-**Cuantificadores:** designan un número ou cantidade indeterminada: algún, ningún, algo, nada, alguén, ninguén, bastante, moito, pouco, abondo, demasiado, varios...

-**Identificadores:** fan referencia á semellanza ou diferenza de identidade: ambos, cada, calquera, certo, mesmo, outro, propio, tal...

**Algunhas formas variables:**

-**ABONDO:** variable en xénero e número, indican unha cantidade ou número suficiente para cubrir as necesidades.

Ex: Non tiñas euros abondos para comprar o agasallo.

-**ALGÚN/NINGÚN:** formas correlativas, variables en xénero e número. Nas oracións da modalidade negativa só pode aparecer ningún.

Ex: Nunca nos fixeron caso ningún

\*Nunca nos fixeron caso algún.

**-AMBOS:** forma variable en xénero, pode ser NUC ou ADXACENTE nunha FN. Cando funciona de adxacente debe ir seguida de artigo.

Ex: Ambos os nenos chegarán mañá.

**-OUTRO:** presenta flexión de xénero e número. Contrae coas preposicións de e en (doutro, noutro) e coas formas masculino e feminino do demostrativo (estoutras, aqueloutro).

**-TODO:** forma variable en xénero e número que expresa a totalidade. Como adxacente debe ir seguido do artigo.

Ex: Todos os días.

Todo/toda, sen artigo, diante do substantivo ten valor distributivo.

Ex: Todo ser humano debe ser respectado.

### **Algunhas formas invariables:**

**-CADAQUÉN:** só funciona como pronome e significa “cada persoa, cada un”

Ex: Cadaquén que solucione os problemas.

**-CALQUERA:** pode referirse a persoas ou cousas e sinala un membro dentro dun conxunto de xeito indeterminado ou inespecífico.

Ex: Calquera libro/calquera cadeira.

Calquera pode facelo

**-NINGUÉN:** forma pronominal referida a persoas. Funciona como correlato de alguén. Emprégase en expresións como “ser un ninguén = ser unha persoa sen importancia ou sen personalidade”; e, oponse “a ser alguén = ser unha persoa importante”

**-QUENQUERA:** forma pronominal co valor de “calquera cousa”. Úsase só no nivel culto da lingua.

## **OS INTERROGATIVOS E OS EXCLAMATIVOS.**

### **1. Definición.**

As formas interrogativas son practicamente as mesmas cás dos relativos e constitúen o eixe das oracións interrogativas.

Os exclamativos empréganse con valor principalmente admirativo, aínda que poden expresar outros matices.

### **2. Formas e usos.**

**-QUE:** pode funcionar como interrogativo ou exclamativo. Como exclamativo existe a expresión “que de”, para ponderar o número ou cantidade de algo.

Ex: Que de xente había alí = Había moita xente.

**-QUEN:** úsase como interrogativo e exclamativo. Lava sempre o verbo en singular (agás co verbo ser).

Ex: Quen é o que anda aí? Quen son os que andan aí?

Quen ten a chave?

Emprégase moito en exclamacións desiderativas.

Ex: Quen me dera ser sabio!

**-CAL:** úsase sobre todo como interrogativo.

**-COMO/CANTO:** utilízase en oracións interrogativas e exclamativas. O seu valor está próximo ao adverbial.

**-CANDO/ONDE:** úsanse só como interrogativos. Valor próximo ao dos adverbios.

**-U:** utilízase como interrogativo. Equivale a onde. Debe ir seguido do pronome persoal ou da segunda forma do artigo.

Ex: U-la chave? A chave, ula?

**Outras formas** de expresar exclamación son a través da forma vaia, da expresión mira que, etc...

Ex: Vaia tipo! Mira que regar o millo chovendo!

## OS ADVERBIOS.

### 1. Definición.

O adverbio é unha palabra invariable en xénero e número. Con todo, pode levar morfemas derivativos como *-iño*, *-ísimo* ou *-mente* (diminutivo, superlativo e formante adverbial, respectivamente).

Sintacticamente é modificador dun verbo, dun adxectivo, dun adverbio, dunha frase preposicional ou mesmo dunha cláusula: *sabe **ben**, **ben** canso, **máis** lonxe, moi **ao contrario**, **non** me gusta a carne.*

Os adverbios só poden ser modificados por outro adverbio ou por unha frase preposicional: *moi **paseniño**, estaban **lonxe** de **máis**.*

Expresan circunstancias relativas a accións e estados: tempo, lugar, modo, cantidade, orde, afirmación, negación, dúbida...

### 2. Clasificación.

Segundo un criterio semántico, os adverbios clasifícanse do seguinte xeito:

**-De lugar:** sitúan a acción no espazo e divídense en:

a) Absolutos. Sitúan no espazo en relación ao lugar no que se atopa o emisor. Polo tanto, o seu significado é deíctico e variábel, próximo ao dos demostrativos: *aquí, aí, alí, acá, aló, acá, aquén, alén, acolá.*

b) Relativos. Sitúan no espazo en relación cun obxecto indicando diferentes situacións no plano horizontal ou vertical. Forman normalmente pares de antónimos: *dentro-fóra; preto/cerca-lonxe; atrás/detrás-adiante/diante/defronte; enriba/arriba/derriba-embaixo/abaixo/debaixo; arredor; a carón.*

c) Presentativos. Presentan un obxecto ou persoa que está á vista, ao tempo que o localizan no espazo: *eis, velaí, velaquí.*

d) Indefinidos. Expresan un lugar inconcreto ou impreciso: *algures* e *ningures*.

e) Interrogativos. Preguntan sobre a situación espacial de algo: *onde* e *u*.

**- De tempo:** sinalan algo ou alguén no tempo . Atopamos diferentes subgrupos:

a) Absolutos. Toman como referencia o momento da enunciación, polo que tamén teñen un significado ocasional e variábel. En relación co tempo ao que fan referencia podemos clasificalos segundo remitan ao presente, ao pasado ou ao futuro:

-presente: *hoxe, agora, arestora, hogano.*

-pasado: *trasantonte, antonte, onte, antes, outrora, antano.*

-futuro: *mañá, pasadomañá, despois.*

Atopamos tamén algúns adverbios rematados en *–mente*, como *actualmente, antigamente* ou *proximamente*.

b) Relativos. Precisan un referente relacionado co presente, pasado ou futuro, a respecto do cal poden expresar:

-coincidencia: *entón, daquela, aínda, xa*

-anterioridade: *antes, cedo.*

-posterioridade: *axiña, despois, logo, tarde, decontado.*

c) Totalizadores. Indican de xeito indefinido a totalidade do tempo (*sempre*), a frecuencia temporal (*a miúdo, acotío, decontinuo, decotío, decote, seguido*) ou a súa negación (*nunca, xamais*).

d) Interrogativo. Pregunta sobre o tempo da acción: *cando*.

**-De orde:** localizan no eixo espazo-temporal e aproxímanse a outros tipos de palabras, como os adverbios de tempo (*antes, despois, logo*), o ordinal *primeiro* ou os adxectivos e pronomes ordinais unidos ao sufixo **–mente** (*seguidamente, ultimamente, finalmente*). Ex: **Primeiro** chegaron uns e **seguidamente** outros.

**-De cantidade:** *abondo, algo, apenas, bastante, ben, canto, case, demasiado, máis, menos, nada, pouco, só, tan(to), moi(to).*

**-De modo:** *adrede, asemade, ben, como, engorde, gratis, mal, mellor, paseniño, peor, así, secasí...*

**-De afirmación:** *abofé, si, tamén, xaora, certo, verdadeiramente, certamente, realmente...*

**-De negación:** *nin, non, sequera, tampouco, nunca, xamais, tampouco...*

**-De dúbida:** *acaso, disque, quizais, quizabes, seica, talvez, igual...-mente: posibelmente, probablemente...*

### 3. Locucións adverbiais.

Chamamos locucións adverbiais aos complexos de dúas ou máis palabras con unidade semántica e funcional, equivalentes a un adverbio: *ao revés, de súpeto, sen dúbida...* O primeiro elemento é unha preposición, á que se lle une un substantivo (*ás toas, a xeito*), un adxectivo (*de novo, en van*), un verbo (*de vagar*), un participio (*ás agachadas*) ou un adverbio (*por baixo, por dentro*). Nalgúns casos, seguidas dunha preposición pasan a ser locucións preposicionais ou prepositivas: *por riba / por riba de*.

Así establécese a seguinte clasificación:

**-De lugar:** *á beira, a carón, a contramán, a rente(s), en fronte, ao pé, ao redor...*

**-De tempo:** *a cada canto, a cada pouco, a cotío, a deshora, a destempo, a diario, a miúdo, ás veces, de cando en vez, de contado, de cotío, deica pouco, de momento, de raro en raro, de seguida, de tempo en tempo, de vez en cando, ao outro día, ao pouco, ao raro, aos poucos, para o outro día, por veces, pouco a pouco, a tempo, de alí a pouco, de aquí a pouco, de camiño, de cando en cando, en seguida, en tempo, hoxe en día..*

**-De orde:** *ao cabo, a comezos, a continuación, a finais, a mediados, de primeiro, en principio, a principios, de seguido, a seguir, por último...*

**-De cantidade:** *a encher, a fartar, de máis, de menos, a medias, a moreas, nada de nada, de sobra, a varrer, en total, a penas...*

**-De modo:** *a correr, ás carreiras, a dereitas, a eito, a escape, a mantenta, a modo, á présa, a propósito, ás toas, a treo, de balde, de golpe, de pronto, de repente, de socato, en balde, ao cabo, ao chou, ao dereito, ao fin, ao xeito, ás présas, de súpeto, de vagar, ao revés..*

-**De afirmación:** *así mesmo, de certo, por certo, con certeza, desde logo, por suposto, de verdade, sen dúbida..*

-**De negación:** *de ningunha maneira, de ningún modo, nin falar...*

-**De dúbida:** *ao mellor, o mesmo, polo visto, por acaso, se cadra, poida que, se callar, tal vez..*

## AS PREPOSICIÓNS.

### 1. Definición.

As preposicións son unha clase de palabra invariábel, sen flexión, característica compartida con conxuncións e adverbios. As preposicións son átonas e forman coa palabra que introducen (normalmente un verbo ou un substantivo) unha unidade fónica. A preposición pode expresar nocións como materia, instrumento, medio, lugar onde, procedencia, dirección, compañía, tempo, causa, posesión, etc.

As **preposicións** son as seguintes: *a, agás, ante, após, ata, até, baixo, bardante, cabo, canda, con, conforme, consonte, contra, de, deica, dende, desde, des, durante, en, entre, excepto, fóra, malia, menos, onda, para, por, quitando, quitado, sacando, sacado, salvante, salvo, segundo, sen, senón, so, sobre, tras, xunta.*

Chamámoslles **locucións prepositivas**, ás que están formadas por:

-un adverbio+preposición: *detrás de ti, preto da casa, lonxe da terra...*

-unha preposición+adverbio+preposición: *por baixo de, por riba de...*

-preposición+substantivo+preposición: *por causa de...*

-preposición+adxectivo+preposición: *a xunto de...*

As **locución prepositivas** son as seguintes: *a beira de, a carón de, ao pé de, a par de, preto de, a prol de, a son de, ademais de, amais de, beira de, cabo de, bardante de, respecto a, tocante a, verbo de, contra de, en fronte de, fronte a, por ante, en lugar de, en troques de, en vez de, no canto de, encol de, sobre de, derriba de, debaixo de, diante de, detrás de, xunto a, xunto de, por causa de, por cousa de, por mor de, alén de, canto a, respecto de...*

## AS CONXUNCIÓNS.

### 1. Definición.

As conxuncións e locucións conxuntivas úsanse coa función de conectar as unidades sintácticas entre si (función na que coinciden cos pronomes relativos e as preposicións). Son por tanto **nexos** que, por unir unidades sintácticas entre si, van trabando o discurso e marcando as relacións que establecen as súas partes.

### 2. Clasificación.

Establecemos a seguinte clasificación: coordinantes, subordinantes e oracionais.

-**Coordinantes:** unen dous elementos dun mesmo nivel sen establecer entre eles unha relación xerárquica:

**a) Copulativas:** *e, e mais, nin (non quere estudar **nin** traballar; as rosas **e** as papoulas son fermosas).*

**b) Disxuntivas:** *ou (cóntame un conto **ou** o que ti queiras).*

**c) Distributivas:** *ou...ou; xa...xa; ora...ora (**ora** chove, **ora** vai sol, este tempo non hai quen o entenda).*

-**Subordinantes:** unen dúas unidades facendo depender unha da outra e aparecen ante as subordinadas das cláusulas complexas:

**a) Completivas:** *que, se (sabemos **que** aprobaras; preguntalle **se** vén connosco)*

**b) Temporais:** *cando, mentres (que), en canto, así que, antes de que, despois de, desde que, ata que, axiña que (**cando** chegues á casa de Xoán, chámame; **despois de que** marcharas, chegou teu irmán; **desde que** el chegou, cambiou todo na vila)*

**c) De lugar:** *onde (ese é o lugar **onde** traballa o alfareiro)*

**d) De modo:** *como, sen que, segundo, conforme, de xeito que, de maneira que, tal como (podes chamarlle como queiras; faino segundo che pete; colocou aquel cadro na parede de xeito que tapase a mancha).*

**e) Finais:** *para que, porque, a fin de que (chameinos a fin de que me contasen a verdade; tróuxenche estas flores para que as coloques nun vaso).*

**-Oracionais:** funcionan como relacionantes nas estruturas bipolares:

**a) Adversativas:** *pero, mais, así e todo, con todo, non obstante (pasou o control pero estaba bébedo; dixéchesme que falaríamos o xoves mais non me volviches chamar).*

**b) Causais:** *porque, pois que, como, xa que, posto que, dado que, por causa de que, por mor de que (adelgazou porque non comía; xa que o dixeches, faino)*

**c) Consecutivas:** *así que, de maneira que, de xeito que, xa que logo, daquela, entón, polo tanto, por conseguinte... (non estudei, daquela non aprobarei; non me convidaron, así que non irei; está moi enfermo, xa que logo non o molestes)*

**d) Condicionais:** *se, no caso de que, con tal de que, a non ser que... (se me dis que veña mañá, virei; no caso de que me avises con tempo, iremos ao cine).*

**e)Comparativas:** *como, coma—de igualdade—ca, que, do que —de inferioridade e de superioridade— (teu irmán é tan alto como eu pensaba; sabía máis do que dicía)*

## AS INTERXECCIÓNS.

### 1. Definición e tipos.

As interxeccións son palabras invariables (mesmo se ten dito que unha interxección constitúe un enunciado con sentido completo), cunha forma característica moi breve e cunha entoación especial.

As máis frecuentes en galego son: *ah, ai, bah, eh, ala, ho, ouh...*

## EXERCICIOS.

### 1. Escribe con letra os seguintes números ou cantidades:

-24.632:

-85.840:

-55.370:

-798.014:

-63.528.712:

-4°:

-x5:

-9/6:

-12°:

-56°:

-98°:

-x4:

7°:

x9:

1/5:

19°:

65°:

104°:

x12:

8°:

x7:

1/25:

27°:

927°:

43°:

x10:

### 2. Localiza indefinidos e identificadores e cámbiaos por outros semellantes.

-Cada un xa sabe o que ten que facer.

-Vosotros ides ao cine e os demais podedes ir, se queredes, á praia.

-Ambos os dous concursantes conseguiron sen problema o premio.

-Xa teño bastantes discos dese cantante.

-O sal é malo para determinadas enfermidades.

-Quenquera que acenda hoxe o ordenador arríscase a coller o virus.

-Chorou moitas bágoas, que lle estragaron os ollos.

- Tivo que ir a propia irmá para calmalo.
- Tantas saídas non lle son boas para os estudos.

**3. Con frecuencia sa locucións adverbiais equivalen a un adverbio rematado en mente. Intenta buscar un sinónimo das seguintes locucións e clasifícaaas segundo o seu significado.**

- |                  |                |             |
|------------------|----------------|-------------|
| -de raro en raro | -a correr      | -en fronte  |
| -ao redor        | -á mantenta    | -de certo   |
| -hoxe en día     | -se cadra      | -de sobra   |
| -por completo    | -pouco a pouco | -por veces. |

**4. Localiza e clasifica os adverbios e locucións adverbiais das seguintes oracións**

- O balneario está cerca da nosa casa e acotío imos a visitalo.
- Antes saían connosco todos os días festivos, despois empezaron a quedar na casa de cando en vez e ultimamente seica apenas saen.
- Lolo fritiu unhas patacas a correr e logo puxo a mesa con calma.
- As máis altas do coro que se poñan detrás de Alba e Iria.
- Entrou no cuarto a escape e pechou as fiestras.
- Antano as cousas non eran deste xeito.
- Acudiu paseniño á chamada da familia.
- Arestora debe estar aterrando o seu avión en Madrid.
- Non o fagas a correr, que agora che dirá que si.

**5. Clasifica e indica o valor que teñen as conxuncións nas seguintes oracións.**

- Como non te poñas agora a traballar non terás tempo.
- Así que chegaron meus pais xa empezaron os problemas.
- Fernando comprobou que a porta estaba cerrada.
- Ou está de broma ou non sabe o que fai.
- A nada que o intentes conseguíralo.
- Visto que non conseguiron chegar a un acordo recorreron a un avogado.
- Pasamos en silencio de modo que non acordasen.
- Non quería estar alí, senón que prefería dar un paseo polo parque.
- Preguntounos se por alí se chegaba ás fragas do Eume.
- Foille cambiando o carácter conforme pasaron os anos.
- Mentres que uns morren de fame outros viven entre luxos.

**6. Identifica a que categoría gramatical pertencen as seguintes palabras:**

- |              |                |                  |
|--------------|----------------|------------------|
| - Entón:     | -De seguida:   | -Eh:             |
| -Aínda que:  | -Coma:         | - Porque:        |
| -Mañá:       | -Pero:         | - Canda:         |
| -Á beira de: | -Adrede:       | -En fronte:      |
| -Fóra:       | -Vaítes:       | -Ao redor:       |
| -Seica:      | -Ouh:          | -E mais:         |
| -Así e todo: | -Non obstante: | -Pouco a pouco:  |
| -Nin:        | -Bardante de:  | -A continuación: |
| -Décuplo:    | -Quenquera:    | -Ninguén:        |
| -Quen:       | -Decotío:      | -Arestora:       |
| -Paseniño:   | -U:            | -Ás toas:        |